



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**

A CORUÑA

**O CONCELLO DE CAMARIÑAS**

a través da

**XXVI MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS**

**CONVOCA**

**O CONCURSO CARTEL XXVI MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS**

O Concello de Camariñas convoca a II edición do Concurso de Carteis que ten como obxectivo premiar ao mellor traballo para a difusión e coñecemento da XXVI edición da Mostra do Encaixe de Camariñas, certame comercial e cultural de ámbito internacional, que se celebra sempre en Semana Santa, esta edición coincide desde o 23 ao 27 de marzo de 2016.

O cartel gañador non só cumprirá a función como tal, senón que servirá de base da imaxe de toda a campaña da Mostra do Encaixe, polo que se valorará a súa facilidade de aplicación para soporte en papelería, diplomas, prensa, banners, etc

A convocatoria e as súas bases publicaranse na páxina web do Concello de Camariñas: [www.camarinas.net](http://www.camarinas.net). e tamén se anunciará a través dos medios de comunicación.

**1.Participantes**

Poderán participar no concurso tódalas persoas que estean interesadas, individualmente ou en equipo. As obras presentadas, hasta un máximo de dúas por autor, deberán ser inéditas e que no supoñan, en todo ou en parte, copia o plaxio de escenas fotográficas, carteis ou debuxos xa publicados en calquera das súas formas, e que no foran premiados con anterioridade en ningún outro concurso. Será responsabilidade absoluta dos autores do cartel calquera reclamación que poida producirse en relación coa autoría do cartel e o seu posible plaxio.

**2. Características Técnicas**

**2.1 Tema:**

O asunto das obras deberá ter en conta o obxecto da mesma: *XXVI edición da Mostra do Encaixe de Camariñas*.

Os participantes gozarán de completa liberdade para escoller o tema, aínda que sempre será representativo e relacionado có obxecto da mesma.

Debe suxeitarse en sensibilidade e técnica ao que é propio do cartel e contar con una clara finalidade divulgadora.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

### 2.2 Presentación:

Os carteis serán de concepción e técnicas libres, sempre que o seu formato sexa vertical e un tamaño de 50 x 70 cm

A presentación para o concurso será en DIN A 3 coa mesma calidade có orixinal.

Os autores deberán acompañar a súa presentación en soporte informático gravado en CD incluíndo:

- Imaxe dixital: formato PSD a 300 ppp tamaño 1/1 y en cuatricomía.
- Imaxe vectorial: Archivo de programa de deseño vectorial: EPS o AI.

Estes arquivos deberán estar por duplicado, un coas fontes tipográficas e outro cos textos trazados. Inclúranse todos os ficheiros necesarios para a obtención de fotolitos, incluíndo as fontes utilizadas e, si fora o caso, os orixinais das imaxes dixitalizadas no formato tiff u outros.

O autor será responsable da correcta realización dos arquivos informáticos aportados. En ningún caso se admitirá o escaneado o uso de fotografías e imaxes doutros autores.

O cartel debería estar conservado en psd, fh, etc. e dicir, en capas para que en caso necesario se poida facer algunha modificación (incluír logos, cambiar fechas...). Achegarase unha ficha indicando o entorno informático (PC obrigatorio), e o programa utilizado.

### 2.3 Contidos básicos

Os carteis conterán texto/información obrigatoria:

O nome: XXVI Mostra do Encaixe de Camariñas

Fecha: do 23 ó 27 de marzo

A páxina web: [www.camarinas.net](http://www.camarinas.net)

Os logos das entidades colaboradoras

Na parte traseira dos traballos figurará un pseudónimo que servirá para preservar a identidade do autor ata o fallo do xurado.

### 3. Premio

Premio de **300 €** para o cartel gañador.

Os finalistas terán un diploma por participar.

### 4. Presentación

O prazo de presentación finalizará o día **17 de novembro de 2015**.

Os traballos enviaranse debidamente embalados ou se presentarán en:

**Concello de Camariñas**

**Mostra do Encaixe**



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

**Praza da Insuela s/n  
15123 Camariñas**

Todo isto sen prexuízo do disposto no artigo 38. 4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para preservar a identidade do autor ata o fallo do Xurado, na parte posterior da obra figurará un pseudónimo, achegando un sobre cerrado onde aparecerá: “ Concurso de Carteis XXVI Mostra do Encaixe de Camariñas” e o pseudónimo da obra.

O soporte informático enviarase aparte de dito sobre pechado, facendo constar o pseudónimo no mesmo. No interior de dito sobre, incluírase o nome e apelidos do autor, curriculum vitae, domicilio, teléfono de contacto y dirección de e-mail, así como una declaración xurada indicando que o traballo é orixinal e inédito.

### **5.- Xurado**

A selección e concesión dos premios do Concurso, realizarase a proposta dun xurado nomeado ao efecto. O xurado, para formular as súas propostas valorará, ademais da concepción, a calidade gráfica, a súa eficacia anunciadora ou informativa e as súas condicións de reprodución.

Dito xurado seleccionará aos finalistas que logo pasarán a seguinte fase de xurado popular.

Os carteis finalistas previa elección polo xurado, expoñeranse na páxina web o redes sociais do Concello de Camariñas, para a elección definitiva por un xurado popular mediante voto. Esta votación estará aberta desde o martes, día 24 ata o luns, día 30 de novembro ás 10:00 H.

O Xurado poderá declarar deserto o concurso por considerar que ningún traballo presentado reúne os méritos suficientes para ser finalistas.

A decisión do Xurado será inapelable.

O resultado do concurso será comunicado persoalmente ao gañador e publicarase na web.

### **6.- Dereitos**

O adxudicatario cede en exclusiva ó Concello tódolos dereitos de uso e explotación por tempo indefinido dos deseños realizados.

O Concello de Camariñas queda excluído das taxas da Sociedade Xeral de Autores, as cales serán a cargo do adxudicatario.

O Concello terá potestade para introducir aqueles cambios que se consideren oportunos para optimizar os recursos destinados a esta acción publicitaria.



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**

A CORUÑA

Queda implícito na participación desta convocatoria a aceptación do contido das bases. Calquera dúbida sobre a súa interpretación, ou calquera modificación desta, será resolta polo comité organizador da Mostra do Encaixe.